

## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### CEDEIRA

*Corrección de erro na Resolución de Alcaldía núm. 184/2018 de 27 de marzo, relativa á aprobación das bases para a formación dunha bolsa de traballo para realizar nomeamentos interinos para o posto de arquitecto/a*

#### ANUNCIO

**CORRECCION ERRO NA RESOLUCION DE ALCALDIA DE DATA 27.03.18 ( DECRETO Nº 184/2018) (BOP DA CORUÑA DE DATA 3.04.18, Nº 62)**

Con data 5.04.18 dictase resolución de Alcaldía ( decreto nº 189/2018 ) de corrección dun erro na resolución de Alcaldía de data 27.03.18 ( decreto nº 184/2018) relativa á aprobación das bases para a formación dunha bolsa de traballo para realizar nomeamentos interinos para o posto de arquitecto/a (BOP de data 3.04.18, nº 62), en cuxa parte resolutiva se acorda:

“**Primeira.-** Corrixir o erro aritmético detectado na resolución de Alcaldía de data 27.03.18 (decreto nº 184/2018) pola que se aproban as bases para a formación dunha bolsa de traballo para realizar nomeamentos interinos para o posto de arquitecto/a (BOP 3.04.18, nº 62), de xeito que **onde di:**

9.2. FASE DE OPOSICIÓN: máximo 25 puntos.

#### Debe dicir:

9.2 FASE DE OPOSICIÓN: máximo 30 puntos

“**Segundo.-** Dispoñer a publicación desta corrección de erro no Boletín Oficial da Provincia de acordo co establecido nas bases aprobadas mediante resolución de Alcaldía de data 27.03.18 ( decreto nº 184/2018), mantendo o prazo fixado na Base 5ª para a presentación de solicitudes de 8 días naturais contados dende o día seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no BOP, isto é dende o 4.04.18.”

Cedeira, 5 de abril de 2018

O ALCALDE

Asdo Pablo Diego Moreda Gil

2018/2556